

**NOME:** Xente da Corda.

**REFERENCIA:** 00007.

**NÚMERO PARTICIPANTES:** Mínimo 7.

**IDADES:** A partir de 7.

## ESPAZO

Espazo longo dabondo para trenzar cordas (mínimo 7x5 metros).

## MATERIAIS

- Cordas.
- Listaxe de palabras para concordar

## DURACIÓN (TEMPOS APROXIMADOS)

15 minutos.

1. Introducción. 2 minutos.
2. Cuestionario. 3 minutos.
3. Trenzar cordas. 10 minutos.

### **O GALEGO CAMPA!**

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

[www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)

## DESCRIPCIÓN

Logo da introdución, os participantes deben adiviñar unha serie de palabras a partir da definición dada. Contarase o número de acertos.

Posteriormente grupos de catro deberán ver de trenzar cordas con cordeis de corda de pita: xogo físico e coreográfico.

## CONTIDOS EDUCATIVOS

Permite introducir elementos históricos da vida dos fillos e fillas de Galicia.

Permite traballar vocabulario aparentemente cacofónico.

Permite distensión e divertimento que será recordado

## MATERIAL ANEXO

Cuestionario:

**acordo** Resolución tomada entre varias persoas ou comunidades

**cordial** Amable, que demostra afecto

**discordia** Falta de entendemento e harmonía

**concordia** Relación entre dúas persoas caracterizada pola harmonía, o acordo e a paz.

### O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

[www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)

**trasacordo** Orientación nova, cambio de opinión con respecto a algo acordado con anterioridade

**acordar** Deixar de estar durmindo

**recordar** Conservar na memoria

**concordar** Dúas ou máis persoas estar de acordo en gustos, ideas, opinións...

**recordo** Obxecto que serve para lembrar algo ou a alguén

**cordel** Corda moi delgada